



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Real Academia Galega de Ciencias**, en colaboración coa **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, veñen de convocar a primeira edición dos **Premios de Transferencia de Tecnoloxía de Galicia**. Este galardón está dotado con 22.000 euros e conta con **dúas modalidades**: mellor traballo desenvolvido por un grupo de investigación aplicada e mellor caso de éxito empresarial de transferencia de tecnoloxía.

A creación deste premio responde ao interese de ambas institucións de poñer en valor aqueles **casos de éxito de transferencia de tecnoloxía**, ante a sociedade e ante outros investigadores e empresarios, dado que unha axeitada transferencia de coñecemento dende os organismos de investigación ao tecido produtivo é fundamental para o desenvolvemento socioeconómico de calquera territorio.

A modalidade dos premios dirixida a grupos que desenvolvan investigación aplicada, dependentes de centros tecnolóxicos ou de investigación ubicados en Galicia, premiará aquel traballo que mellor represente a contribución ao desenvolvemento socioeconómico de Galicia a través da transferencia dos seus resultados ao mercado. Este premio estará dotado con **6.000 euros**, máis outros 4.000 euros para formar a un membro do

equipo nun centro de investigación de fóra de Galicia mediante unha estadaía.

Por outro lado, na modalidade empresarial seleccionarase o caso de éxito máis representativo de innovación a partir de transferencia de tecnoloxía. Poderán presentarse a esta modalidade as pemes (ou micropemes) que acrediten a mellor innovación procedente da adquisición dunha patente, dun proxecto en colaboración cun ou varios grupos de investigación ou doutro mecanismo de transferencia. Neste caso, a dotación do premio ascende a 12.000 euros.

O prazo de presentación de candidaturas pechará o **29 de outubro de 2015**. Podes consultar as bases completas do premio nas webs da **RAGC** e de **GAIN**.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.